CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Recoñecer as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.

Contidos

- Saúde mental:
- Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
- Respetto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respetto ás eleccións dos demais.
- Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Esquema corporal.
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Concepto de deportividade.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
- Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.

UD	Título da UD	Duración
2	"Demostrando as miñas habilidades motrices"	25

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...).		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Recoñecer as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.

Contidos

- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Educación postural en accións motrices habituais.
- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.
- Saúde social:
 - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
 - Límites para evitar unha competitividade desmedida.
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
 - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
 - Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autoconñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais.
- Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
 - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
 - Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal.
 - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.

UD	Título da UD	Duración
3	Outras maneiras de xogar e disfrutar da contorna"	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías ou pezas sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respectar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías ou pezas sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada evitando situacións sexistas ou discriminatorias.		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías ou pezas sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar proxectos motores evitando riscos e con seguridade, empregando as estratexias básicas de cooperación-oposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física:

Contidos

- Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Educación postural en accións motrices habituais.
- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.
- Saúde social:
 - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
 - Límites para evitar unha competitividade desmedida.
 - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
 - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
 - Respetto e aceptación do propio corpo.
 - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
 - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respetto ás eleccións dos demais.
 - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
 - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
 - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
 - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
 - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
 - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
 - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
 - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Concepto de deportividade.
 - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
 - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.

Contidos

- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.
- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- * FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- * ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- * PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- * INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- * INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- * LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- * CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as

actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles-as) Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que o fai.

Tamén usaremos distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual...).

En definitiva, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN DO MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS:

A)	Convencional pequeno tamaño: cinta métrica (25 metros), 2 chifres, cronómetro, aros (dun metro de diámetro), cordas (de diferentes tamaños), picas de madeira e de plástico de diversas medidas, conos, pelotas de plástico de diferentes cores, pelotas de goma-espuma de diversos tamaños, pelotas axeitadas para o bote, o lanzamento e a recepción, balóns de voleibol, balóns de baloncesto, balóns de fútbol e fútbol-sala, balóns de balonmán...
B)	Convencional gran tamaño: porterías, canastras, 6 bancos de 2 metros, colchonetas, 2 quitamedos, espaldeiras, mintramp, pelotas grandes,...
C)	Non convencional: 2 redes de badminton, raquetas e voantes, stick de hockey, bates de béisbol, zancos, ladrillos, pelotas grandes, canguros, conos de sinalización, globos, sacos, teas, panos,...
D)	Non convencional de refugallo: xornais, cartóns, rodas, gomas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur, pelotas manipulativas feitas polos propios nenos , con globos e arroz, pelotas de papel, tamén feitas polos propios alumnos, botellas de plástico recicladas, chapas (plástico/metal), pelouros, soportes de madeira...
E)	Instalacións: Un ximnasio cuberto de 400 metros cadrados con 2 canastras de baloncesto, un patio cuberto, patio de 1º e 2º, pistas exteriores con canastras, porterías e postes de voleibol, zonas de terra, recursos que ofrece a nosa contorna...
F)	Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altofalantes, equipo de música, láminas...

DESCRIPCIÓN:

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira.

Os materiais e recursos utilizados na clase de E.F. deben ter certas características:

- Polivalentes, motivadores, colectivos e accesibles
- Un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrucción.
- Sexan unha guía para as aprendizaxes.
- Permitan avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades a realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén elaboraremos recursos con materiais de refugallo para as sesións: cartóns, papel de periódico, rodas, gomas, panos, receptáculos de plástico, soportes de madeira, peletres, chapas... e teremos en conta para a impartición da área de E.F. os recursos que nos ofrece a nosa contorna (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que serán empregados cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe, para logo tomar determinadas decisións.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico das actividades físico-deportivas.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación.
- Compaxinar as actividades subxectivas como obxectivas.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área, senón só aqueles que sexan máis relevantes para e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde se pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que podería condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Datos sobre o estado de saúde do alumnado (enfermidades, alerxias...) e actividades deportivas extraescolares que practican.

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal: Correr en zig-zag por unha sucesión de conos (ida e volta).

- Coordinación e equilibrio: Andar por encima de bancos e bancos invertidos (estables: sobre o chan ou inestables sobre colchonetas, rodas...), manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado (ollos pechados con brazos en cruz), botar un balón en zig-zag, conducir unha pelota cos pés, andar en zancos, saltar á corda (no sitio, en desprazamento).

- Habilidades básicas: Lanzamento de precisión coa man (pelota tenis) e co pé (balón de fútbol) dende unha certa distancia, salto de 3 valados consecutivos (de pés xuntos e con axilidade).

- Habilidades xenéricas: conducción (mans e pés) e botar un balón nun recorrido establecido (zig-zag).

- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), Forza tren inferior (salto vertical con xiro lonxitudinal).

- Expresión e comunicación corporal: sobre un escenario (tatamis, quitamedos) un neno sae a bailar e os demais imítano.

Cos datos recollidos nestas tarefas e actividades farase unha posterior análise e valoración, co obxectivo de ser o punto de partida co que comezar a traballar.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, xa que cada alumno e cada alumna teñen diferentes características individuais e sociais.

En consecuencia, temos que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

- 2.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

- 3.º Partir da avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar o aprendizaxe significativo dos novos contidos.

Polo tanto debemos utilizar múltiples estratexias:

- 1.ª Utilizar agrupamentos flexibles dentro do aula, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Crterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente.

Utilizaremos instrumentos de avaliación variados para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas. É dicir, teremos en conta a diversidade do alumnado a hora de realizar este proceso.

Ao ser unha programación didáctica para 2º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, podendo empregar diferentes Instrumentos de Avaliación:

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2024/2025:

1º TRIMESTRE (1 UD - 33,33%):

- UD, 1: 100% = equivalente a un 10 da nota do 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (UD 1)= 10

2º TRIMESTRE (1 -2 UD - 33,33%):

- UD, 1: 40% = equivalente a un 6 da nota do 2º trimestre.

- UD, 2: 60% = equivalente a un 4 da nota do 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (UD 1-2)= 10

3º TRIMESTRE (1-3 UD - 33,33%):

- UD, 1: 40% = equivalente a un 6 da nota do 3º trimestre.

- UD, 3: 60% = equivalente a un 4 da nota do 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (UD 1-3)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2024/2025:

- 1º TRIMESTRE (1 UD): 33,33% equivalente a un 3,3 da nota final
- 2º TRIMESTRE (1-2 UD): 33,33 % equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (1-3 UD): 33,33% equivalente a un 3,3 da nota final
- ORDINARIA (suma das 3 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

Para atender as necesidades de alumnado coa materia pendente, de ser o caso, elaborárase un plan específico de recuperación e apoio no que se concretarán os mínimos a reforzar, temporalización, recursos e criterios de avaliación co obxecto de poder recuperar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para

o tratamento da diversidade. Polo tanto a programación deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais e esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que nos permitirán adaptar á diversidade do grupo. Realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivo mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permitirá ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma,

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias

por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais... A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinándonos os especialistas que impartimos docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Pódemos atoparnos con distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO 4º NIVEL DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo de 4º de E.P. ao que está dirixida esta programación atopamos:

- 4º A con 16 (4 nenas e 12 nenos): dos que se atenderán as necesidades que se presenten.
- 4º B con 16 alumnos/as (8 nenas e 8 nenos): dos que se atenderán as necesidades que se presenten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X
ET.5 - Educación Vial	X		X
ET.6 - Educación Ambiental	X		X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados anteriormente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros deportivos	Colaboracións-dixitais cos diferentes clubs da contorna co achegamento ás distintas disciplinas deportivas en función da oferta dos mesmos.	X		
PDI do centro	Este ano co tema: "Que suba o pano na Pedra"		X	X
O magosto/ obradoiro xogos populares	Celebración do magosto e obradoiros de xogos tradicionais coa asociación Corredoiras e XOAN XXIII	X		
Obradoiros de Nadal	Xogos no remate do 1º trimestre para conmemorar a chegada do inverno.	X		
Día da Paz e non violencia.	Celebración do día da non violencia e da paz(xogos cooperativos)		X	
Campaña de prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres	Campaña promovida en colaboración co CIM do concello	X		
Saídas deportivas	Participación en competicións con outros centros escolares	X	X	X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X
Saídas pola contorna	Realizaranse saídas a diversos espazos da contorna: praia, monte...			X
Plan de fomento de hábitos de estilo de vida saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable con campañas: cero residuos, fai clic ao teu boca, actividades de xestión de residuos de consumo e competencia...	X	X	X
Proxecto de Innovación "Imos de Romaría"	Colaboración no proxecto Innovación coa representación dunha romaría tradicional			X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, saídas, conmemoracións e outras semellantes. Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Conmemoracións e celebracións anuais que realizamos no centro ao longo do curso: Samaín, Magosto, Candeloria, Entroido e Os Maios, Día internacional das linguas de signos, Día das escritoras, Día da biblioteca, Mes da ciencia en galego nas bibliotecas, Día mundial da radio, Día de Rosalía de Castro, Día mundial da poesía, Día mundial do libro, Día das letras galegas, FIC, Samaín, Nadal, Paz, Día dos dereitos dos nenos, Día contra a violencia de xénero, Día internacional da muller, Día mundial da meteoroloxía. Programas e plans que participa o centro: Plan Proxecta+, Programa MeteoEscolas, Plan Recupera PROA+, Proxecto: Radio na Biblio, Programa: Bibliotecas Escolares Solidaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso ao longo dos trimestres, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións

no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno/a e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Os aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación...
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para comunicarse coas familias.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Esta programación vaise levar a cabo nun centro plurilingüe de educación infantil e primaria, con 5 unidades de infantil e 12 de primaria. Centrándonos no alumnado ao que vai dirixida esta programación, o nivel conta cun total de 32 alumnos e alumnas. O nivel de 4ªA agrupará a 16 nenos e nenas e o de 4ªB tamén 16. O número de alumnas é de 4 nenas e 12 nenos en 4ªA, e 8 nenas e 8 nenos en 4ªB.

Trátase dun centro plurilingüe, é por isto que tanto a educación plástica como a musical impartiranse de forma bilingüe: empregando un 50% de lingua galega e un 50% de lingua inglesa. Deste xeito, serán denominadas como ARTS & CRAFTS e MUSIC.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará dividida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
 - Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
 - Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
 - Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
 - Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.
- Coincidindo co proxecto de innovación "Imos de Romaría!", este será usado como fio condutor para realizar actividades sobre o tema durante o curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe visual	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	21	7	X		
2	Expresión e interpretación artística	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	20	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Educación plástica e visual	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	19	5			X
4	Proxectos científicos e proxecto Innova "Imos de romaría"	Esta UD permite ao alumnado complementar os proxectos de investigación que realizamos dende as áreas de ciencias e o proxecto anual "Imos de romaría". O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe visual	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
2	Expresión e interpretación artística	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais.	PE	80
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas.	TI	20
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Educación plástica e visual	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais.	PE	60
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	40
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.

Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Proxectos científicos e proxecto Innova "Imos de romaría"	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais.	PE	60
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa.		
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
		TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.

Contidos

- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.
- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que

ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.

- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
 - Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
 - Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
 - Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
 - Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
 - Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.
- O proxecto fío conductor de este curso "Imos de romaría" traballarase e evaluarase ao longo de todo o curso. Algúns criterios serán avaliados a través de estas actividades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital, Ordenador, Altosfalantes, Pinceis e témperas, Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento, tesoiras, Bloc de debuxo, cartolinas, Aula Virtual, Estoxo, Plastilina, Regras...

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectado á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o seu avance e progreso: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado estableceranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	21	20	19	40	100
Proba escrita	0	80	60	60	51
Táboa de indicadores	100	20	40	40	49

Criterios de cualificación:

Os criterios de calificación serán os seguintes:

- Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos de carácter individual, cooperativo e investigacións: 60%.

- Observación sistemática de todas as manifestacións do alumnado que nos permitan sumar información: execución das tarefas nos tempos asignados, capacidade individual para a resolución das actividades, predominio do ben feito á rapidez, atención, emprego axeitado do material adecuado a cada actividade, autonomía, limpeza e orde, participación nos traballos cooperativos: 40%

Na cualificación, terase en conta o proxecto deste ano "Imos de romaría".

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

Por último, se hai avaliacións anteriores suspensas, daranse por superadas aprobando as avaliacións posteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá de dificultades no alumnado. Así, tan rápido como se detecten farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora, Expresión oral e escrita, Comunicación audiovisual, Competencia dixital, Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento, Igualdade entre homes e mulleres, Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos, Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, Educación para a saúde.	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración de corredores e espazos comúns polas conmemoracións	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Ao longo do curso: Proxecto "Imos de romaría"	No primeiro trimestre recabaremos e analizaremos información, no segundo trimestre crearemos o noso traballo e no terceiro trimestre o interpretaremos no traballo final.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.

A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Metodoloxía empregada
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento para a comprobación dos indicadores de logro.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado, faranse constar as incidencias no caderno de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión da PD terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria. Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos. O CEIP de A Pedra de Bueu é un centro público, que conta coas seguintes unidades creadas: educación infantil 6, educación primaria 12. En primaria contamos con liña dobre. A aula de 4ªA, está conformada por 16 alumnos e alumnas, sendo 4 nenas e 12 nenos. A aula de 4ª B está conformada por 16, sendo 8 nenas e 8 nenos. Todo o alumnado ten cualificación positiva ao rematar terceiro de primaria nesta área.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

Coincidindo co Proxecto Inova "Imos de romaría": Xogos Tradicionais do centro, este usarase como fío conductor e realizaremos actividades sobre o tema durante todo o longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriano correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CORPO HUMANO E A AUGA	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. Todas as actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto.	30	46	X		
2	ALIMENTACIÓN NO MUNDO	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. Todas as actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto.	35	47		X	
3	SAÚDE NA CONTORNA	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. Todas as actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto.	35	47			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CORPO HUMANO E A AUGA	46

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Recoñecer as ideas principais de textos multimodais sinxelos.	PE	50
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Empregar a concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos)		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario a través dos textos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Expresarse con coherencia de forma oral e ampliar o vocabulario.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante.	TI	50
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura.	Adquirir a eficacia lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.	Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na competencias lingüística a través do uso da lingua escrita.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valorar os textos literarios e a literatura en xeral.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcos ou dixitais.	Revisar os textos propios e alleos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente.
- Procesos: interacción oral.
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Procesos: produción oral
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos procedentes de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en

Contidos

- itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
2	ALIMENTACIÓN NO MUNDO	47

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar paulatinamente o vocabulario.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.	Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas.		
		TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na competencia lingüística.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Recoñecer elementos esenciais dos distintos xéneros literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral. - Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral

Contidos

- Producción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías.
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar unha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes entre distintas linguas.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
3	SAÚDE NA CONTORNA	47

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	PE	50
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na competencia lingüística.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorporar a lectura expresiva na práctica escolar.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Escoitar con atención, recoller datos e preguntar.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Progresar na xestión dialogada de conflitos		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.	TI	50
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Evitar discriminacións e prexuízos lingüísticos.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral. - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesaria - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e gustos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías. - Procesos: comprensión lectora. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Procesos: produción escrita. - Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.

Contidos

- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado. Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A Lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O mestre/a fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno/a comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir

composicións individuais de distinta índole; ademáis aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto. Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica. Isto favorece a súa asimilación, posto que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, así como aos proxectos de ámbito científico. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado. Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias.

Para poder enfrontarse con éxito á sociedade do coñecemento e aos vertixinosos avances científicos e tecnolóxicos, fomentaremos a interdisciplinariedade, potenciando a aprendizaxe global a través de propostas que promoven a integración e a conexión de contidos doutras materias. Nesta área os/as alumnos/as iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática, de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar as súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades. Centraremos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Os diferentes contidos traballaranse tanto dende o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos de Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web. Polo atractivo que os formatos dixitais teñen sobre o alumnado cabería incidir no uso das TIC nos procesos de adquisición das Competencias Clave. Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias. Dedicáanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase. A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual. A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

O proxecto fio conductor de este curso "Imos de romaría" traballarase e evaluarase ao longo de todo o curso. Algúns criterios serán avaliados a través de estas actividades.

Por último, destacar que consideramos fundamental despertar nos alumnos/as un sentimento de respecto polo mundo que lles rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade dos valores. Con eles os nenos/as acércanse á outras realidades do seu entorno, sempre dende o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Snappet
Vídeos didácticos
Taboleiro interactivo, ordenador de aula e proxector
Dicionarios físicos e dixitais
Material específico de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe
Libros de lectura

Pósters sobre os contidos traballados
Recursos fotocopiabes e en rede
Xogos didácticos (Kahoot, Genially...)
Bibliotecas de aula e centro
Periódicos e revistas
Material funxible
Aula virtual

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa. Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizaremos unha avaliación inicial da área a cal estamos a traballar. Mediante esta avaliación acadaremos a información que precisamos dos nosos alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
- Expresión escrita, mediante a cal poderemos comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Aspectos gramaticais.
- Expresión oral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Proba escrita	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta este peso:

20% Comprensión lectora

20% Expresión escrita

10 % Vocabulario e gramática

40% Traballo diario (20% Resultados da plataforma SNAPPET, 10% Traballo cooperativo, 10% Caderno).

10 % Actitude

No 40% do traballo diario, terase en conta o proxecto deste ano "Imos de romaría".

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.

9- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

10- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

Genially: <https://genial.ly/why-genially>

Canva: https://www.canva.com/es_419/

Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

Speak and play: <https://speak-and-play-english.com/>

11 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a. Neste proceso podense recoller evidencias con pequenas probas ou a través da observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica. Tamén se revisarán os informes sobre o grao de adquisición das competencias clave do alumnado en cursos anteriores, tendo en conta as medidas de reforzo programadas e previstas para o curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	17	17	17	17	100
Proba escrita	20	20	20	20	25	20	21
Táboa de indicadores	80	80	80	80	75	80	79

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Terase en conta para avaliar a actitude do alumnado, as tarefas realizadas no caderno, as fichas de traballo, os proxectos e as probas escritas, orais (speaking), de lectura (Reading-comprehension) e de audición (listening). Empregaranse distintas rúbricas para

avaliar as unidades didácticas e cada unha terá un peso específico na avaliación. e tamén procedementos e evidencias como a observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros. Utilizaranse instrumentos: como táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a. Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Crterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dos temas ou destrezas nas que presenta as dificultades tales como: explicacións individuais, fichas ou pequenos proxectos sinxelos para reforzar un aspecto concreto do currículo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Algunhas propostas para atender ao alumnado que teñamos no grupo, según as características que presenten, poderían ser:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Inclúílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.

As actividades deben ser flexibles para que todos poidan participar e facilitar así o seu progreso, prestándolles apoio cando así o requiran. Contamos sempre con actividades de reforzo para os alumnos/as que se estanquen (slow learners) e de ampliación para os máis avanzados (fast learners).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz		X	X		X	
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde					X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	O profesorado de inglés e CLIL participa con lecturas e textos en inglés	X	X	X
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X

Observacións:

Levarase a cabo calquera outra actividade que xurda ao longo do curso e o profesorado de linguas estranxeiras considere de interese para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Seguíronse os puntos establecidos na programación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse as medidas de atención á diversidade co alumnado que o precisou
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo co alumnado que presentou dificultades de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Existiu coordinación entre o profesorado de LE e de CLIL

Descrición:

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: a dificultade e duración das actividades, a motivación do alumnado, a temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, as medidas de atención á diversidade... O procedemento para a recollida de información fárase na reunión plurilingüe e na memoria anual de finais de curso.,

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. A finais de curso, o profesorado de lingua estranxeira fará unha valoración dos resultados académicos do alumnado e terao en conta á hora de establecer propostas de mellora cara o seguinte curso. Tamén se consideraran os resultados da avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe e da práctica docente.

Este proceso farase a través da aplicación PROENS e, se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria. Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos. O CEIP de A Pedra de Bueu é un centro público, que conta coas seguintes unidades creadas: educación infantil 6, educación primaria 12. En primaria contamos con liña dobre. A aula de 4ºA está conformada por 16 alumnos e alumnas, sendo 4 nenas e 12 nenos. A aula de 4º B está conformada por 16, sendo 8 nenas e 8 nenos. Todo o alumnado ten cualificación positiva ao rematar terceiro de primaria nesta área, excepto un alumno de 4ºB.

O ensino da área ou materia de Lingua Galega e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

Coincidindo co proxecto de innovación "Imos de romaría" Xogos Tradicionais, este será usado como fio conductor para realizar actividades sobre o tema durante o curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CORPO HUMANO E A AUGA	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. As actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto e o PDI do centro "Imos de romaría"	30	46	X		
2	ALIMENTACIÓN NO MUNDO	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. As actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto e a PDI do centro "Imos de romaría"	35	47		X	
3	SAÚDE NA CONTORNA	Neste trimestre, no ámbito de Coñecemento do medio traballaremos esta temática. As actividades lingüísticas terán como fondo este proxecto e a PDI do centro "Imos de romaría".	35	47			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CORPO HUMANO E A AUGA	46

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía...		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.		
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, cuidando a presentación.	Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.	PE	50
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Aplicar a concordancia e as relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos).		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Ampliar o coñecemento de vocabulario galego.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Expresarse con coherencia de forma oral.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Ler e identificar o sentido global de textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Progresar na adquisición da eficacia lectora.	TI	50
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na adquisición da competencia lingüística.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Compartir a experiencia de lectura mediante a realización de actividades literarias.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valorar a literatura en lingua galega como fonte de lecer e información.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identificar as bibliotecas como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Empregar os dicionarios físicos e dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.

Contidos

- Procesos: produción oral
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	ALIMENTACIÓN NO MUNDO	47

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía.	PE	50
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Integrar recursos gráficos ou paratextuais nos textos escritos para facilitar a comprensión da información relevante.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Mobilizar estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Ampliar a adquisición de vocabulario galego.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar paulatinamente o vocabulario.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas.	TI	50
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na adquisición da competencia lingüística.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Recoñecer elementos esenciais dos distintos xéneros literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
3	SAÚDE NA CONTORNA	47

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	PE	50
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Progresar na adquisición da competencia lingüística.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Mobilizar estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra.	TI	50
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Mobilizar estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Identificar as palabras clave de textos de diversa tipoloxía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Construir un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Ampliar a adquisición de vocabulario galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral - Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral

Contidos

- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado. Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A Lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O mestre/a fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno/a comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto. Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica. Isto favorece a súa asimilación, posto que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, así como aos proxectos de ámbito científico. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado. Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias.

Para poder enfrontarse con éxito á sociedade do coñecemento e aos vertixinosos avances científicos e tecnolóxicos, fomentaremos a interdisciplinidade, potenciando a aprendizaxe global a través de propostas que promoven a integración e a conexión de contidos doutras materias. Nesta área os/as alumnos/as iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática, de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades. Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Os diferentes contidos traballaranse tanto dende o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou videos extraídos de Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web. Polo atractivo que os formatos dixitais teñen sobre o alumnado cabería incidir no uso das TIC nos procesos de adquisición das Competencias Clave. Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias. Dedicáanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase. A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual. A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

O proxecto fío condutor de este curso "Imos de romaría" Xogos Tradicionais, traballarase e evaluarase ao longo de todo o curso. Algúns criterios serán avaliados a través de estas actividades.

Por último, destacar que consideramos fundamental despertar nos alumnos/as un sentimento de respecto polo mundo que lles rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade dos valores. Con eles os nenos/as acércanse á outras realidades do seu entorno, sempre dende o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Snappet
Taboleiro interactivo, ordenador de aula e proxector
Dicionarios físicos e dixitais
Material específico de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe
Libros de lectura
Pósters sobre os contidos traballados
Recursos fotocopiáveis e en rede
Xogos didácticos (Kahoot, Genially...)
Bibliotecas de aula e centro
Periódicos e revistas
Material funxible
Aula virtual

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa. Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizaremos unha avaliación inicial da área a cal estamos a traballar. Mediante esta avaliación acadaremos a información que precisamos dos nosos alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.

- Expresión escrita, mediante a cal poderemos comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Aspectos gramaticais.
- Expresión oral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Proba escrita	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

- Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta este peso:
 - 20% Comprensión lectora
 - 20% Expresión escrita
 - 10 % Vocabulario e gramática
 - 40% Traballo diario (20% Resultados da plataforma SNAPPET, 10% Traballo cooperativo, 10% Caderno).
 - 10 % Actitude

No 40% do traballo diario, terase en conta o proxecto deste ano "Imos de romaría".

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
 - Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.
 - Partiremos do nivel de cada alumno/a.
 - Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
 - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- A medida con carácter curricular é o reforzo educativo que se realizará dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica ou da mestra especialista en audición e linguaxe, dentro da medida das súas posibilidades, ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase:
- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
 - Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
 - Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e

para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa. Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital		X	X
ET.3 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.		X	X
ET.4 - gualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz		X	
ET.6 - Educación para a saúde, o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro. Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas festas de Samaín, Magosto, 25 de novembro e Nadal	Comprensións e expresións orais e escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas.	X		
2º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas celebracións do día da Paz, Rosalía, Entroido	Comprensións e expresións orais e escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas. Destaca a elaboración de cantigas de Entroido.		X	
3º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas celebracións do día da árbore, día da muller, día do libro	Comprensións e expresións orais e escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas. Visitas de autores e autoras dos libros traballados no segundo e terceiro trimestre.			X
Ao longo do curso: Proxecto "Imos de romaría"	No primeiro trimestre recabaremos e analizaremos información, no segundo trimestre crearemos o noso traballo e no terceiro trimestre o interpretaremos no traballo final.	X	X	X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Actividades relacionadas co PDI do centro.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os puntos da programación son os establecidos.
Realizaches unha avaliación inicial a principio de curso.
Aplicaches os procedementos de avaliación programados e axustacheste aos criterios de calificación.
Metodoloxía empregada
Adaptache a metodoloxía didáctica programada.
Tiveches en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarias para aprobar a materia.
Puxeches en práctica medidas para estimular a interese, o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.
Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados, incluídas as TIC.
Medidas de atención á diversidade
Aplicaches as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou.
Levaches a cabo medidas de reforzo educativo dirixido a alumnado que presentaba dificultades de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación cos membros do nivel e ciclo foron frecuentes.
Utilizaches diferentes medios para informar a pais e nais, profesores e alumnado (sesións de avaliación, boletíns, reunións, entrevistas, mensaxes abakar, mails...) dos resultados da avaliación.
Outros
O 75% do alumnado acadou de forma suficiente os obxectivos e competencias correspondentes

Descrición:

Estes ítems valoraranse nunha escala do 1 ao 4. De responder 1 ou 2 nalgún deles, sinalarase na escala a causa de tal resultado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas.
- Metodoloxía que se aplica.

Por último, incluiremos propostas de mellora na memoria final de cara ao vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación. Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado. Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

O nivel conta cun total de 32 alumnos e alumnas. O nivel de 4ªA agrupará a 16 nenos e nenas e o de 4ªB a 16. O número é de 12 nenos e 4 nenas en 4ªA, e 8 nenas e 8 nenos en 4ªB. Analizando as cualificaciónsno de 3º curso de Educación Primaria que fan referencia á área de matemáticas, todo o alumnado ten superados os obxectivos da área, excepto dous alumnxs de 4ªA e un de 4ªB.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	NÚMEROS DE 5 CIFRAS, SUMAS E RESTAS	Esta unidade está composta por 9 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible dos números e as operacións. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a construción do significado e o uso dos números.	8	12	X		
2	MULTIPLICAMOS	Esta unidade está composta por 24 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible dos números e as operacións.	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	MULTIPLICAMOS	Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a construción do significado e o uso dos números.	8	12	X		
3	DIVIDIMOS	Esta unidade está composta por 25 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible das operacións. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a construción do significado e o uso das operacións	10	12	X		
4	FRACCIÓN DECIMAS E PORCENTAXES	Esta unidade está composta por 9 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible dos números. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a construción do significado e o uso dos números.	15	18	X	X	
5	TEMPO E DIÑEIRO	Esta unidade está composta por 6 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión e comparación de atributos dos obxectos do mundo natural. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a comprensión das relacións entre magnitudes.	10	14		X	
6	MEDIDAS DE LONXITUDE, CAPACIDADE E PESO	Esta unidade está composta por 15 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades e modos de pensar baseados na comprensión e comparación de atributos dos obxectos do mundo natural. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican entender e elixir as unidades adecuadas para estimar, medir e comparar; utilizar instrumentos adecuados para realizar medicións; e comprender as relacións entre magnitudes.	12	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	MEDIDAS DE LONXITUDE, CAPACIDADE E PESO		12	18		X	
7	ÁREAS E PERÍMETROS	Esta unidade está composta de 7 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades para comprender e apreciar os aspectos xeométricos do mundo. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a comprensión das formas, as súas propiedades e relacións.	10	14		X	X
8	XEOMETRÍA	Esta unidade está composta de 9 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades para comprender e apreciar os aspectos xeométricos do mundo. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a comprensión das formas, as súas propiedades e relacións	12	20			X
9	DATOS	Esta unidade está composta por 7 leccións que teñen como propósito desenvolver habilidades para o razoamento e a interpretación de datos. Propoñemos ao longo das leccións o manexo de materiais manipulativos e o uso de elementos da vida cotiá que permitan resolver situacións que implican a valoración crítica e a toma de decisións a partir de información estatística, ademais da comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios en situacións da vida cotiá.	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	NÚMEROS DE 5 CIFRAS, SUMAS E RESTAS	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Interpretar problemas da vida cotiá	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar problemas a través de esquemas ou diagramas		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Identificar emocións propias a resolución de pequenos retos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99.999 en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 99.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros) - Estimación razoada de cantidades ata o 99.999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo:

Contidos

- mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
 - Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
 - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
 - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiás.
- Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.
- Educación financeira
 - Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
 - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
 - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Crenzas, actitudes e emocións
 - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.

UD	Título da UD	Duración
2	MULTIPLICAMOS	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Interpretar situacións en contextos diversos.	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar problemas a través de esquemas ou diagramas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas mediante distintas estratexias.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar relacións matemáticas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar as tecnoloxías para resolver problemas.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as relacións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

Contidos

- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.
- Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.
- Educación financeira
- Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
- Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesarioz con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.

UD	Título da UD	Duración
3	DIVIDIMOS	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Interpretar situacións en contextos diversos.	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar problemas a través de esquemas ou diagramas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas mediante distintas estratexias.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar relacións matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar as tecnoloxías para resolver problemas.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as relacións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Sentido das operacións <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso. - Relacións <ul style="list-style-type: none"> - Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións. - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións. - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiás. - Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.

Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.

UD	Título da UD	Duración
4	FRACCIÓN DECIMAIS E PORCENTAXES	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Interpretar situacións en contextos diversos.	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar problemas a través de esquemas ou diagramas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas mediante distintas estratexias.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar relacións matemáticas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar as tecnoloxías para resolver problemas.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as relacións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Formar parte activa no repartp de tarefas no equipo colaborativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Cantidade - Expresión de particións, reparticións e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá. - Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Educación financeira - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes. - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario, con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro. - Crenzas, actitudes e emocións - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
5	TEMPO E DIÑEIRO	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Interpretar situacións en contextos diversos.	PE	50
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as matemáticas e os coñecementos propios.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Formar parte activa no repartp de tarefas no equipo colaborativo.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar as relacións matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Educación financeira - Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas. - Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo. - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes. - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario, con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro. - Magnitude - Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación. - Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios.

Contidos

- Medición.
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	MEDIDAS DE LONXITUDE, CAPACIDADE E PESO	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Obter solucións diferentes para un problema.	PE	50
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as matemáticas e os coñecementos propios.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as matemáticas e os coñecementos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Formar parte activa no reparto de tarefas no equipo colaborativo.	TI	50
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver un problema mediante distintas estratexias.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura. - Crenzas, actitudes e emocións - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
7	ÁREAS E PERÍMETROS	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Interpretar situacións en contextos diversos.	PE	50
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar problemas a través de esquemas ou diagramas.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos.	TI	50
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas mediante distintas estratexias.		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as relacións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, alíñamento, paralelismo, angularidad) e a súa representación. - Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións. - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver. - Crenzas, actitudes e emocións - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado.

UD	Título da UD	Duración
8	XEOMETRÍA	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as matemáticas e os coñecementos propios.	PE	50
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	TI	50
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente.		
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas e dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna. - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrição de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións. - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso. - Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso. - Movementos e transformacións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado. - Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados. - Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións. - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
9	DATOS	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Resolver problemas mediante esquemas ou diagramas.	PE	50
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as matemáticas e os coñecementos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter solucións diferentes para un problema.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Resolver problemas de forma autónoma		
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver un problema mediante distintas estratexias.		
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar relacións matemáticas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar as tecnoloxías para resolver problemas.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente.	TI	50
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver un problema mediante distintas estratexias.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- **Patróns**
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- **Modelo matemático**
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- **Relacións e funcións**
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- **Pensamento computacional**
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa?
- **Organización e análise de datos**
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.
- Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos.
- Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións.
- **Incerteza**
- Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedas?
- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo.
- Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva.
- **Inferencia**
- Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo.
- **Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade**

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como complexa é a realidade. Serán situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúa significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.

O enfoque globalizado e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, a resolución de problemas e as destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprixe.

O profesorado imos ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. A situacións propostas a exploración e o xogo que espertan sempre o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adaptaremos cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos).

Os grupos de traballo en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

a) Organización dos espazos e recursos

Aula: é un espazo con mesas, andeis, alfombra, no que podemos expoñer e gardar os materiais necesarios e accesibles ao alumnado. Tamén contamos cunhas corcheiras á altura do alumnado

O reloxo será grande, visible e accesible para todas e todos para que aprendamos a organizarnos no tempo.

Agrupamentos.: A aula estará organizada para o traballo en equipo coas mesas colocadas en grupos de catro ou cinco. Nos debates buscarase unha colocación en asemblea.

b) Organización dos tempos e secuencia proposta

Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarifícase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.

c) Pautas de emprego do material manipulativo:

A manipulación implica o emprego de material, e neste sentido, é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- O material presentárase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas calidades: tamaño, textura, cheiro...

- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.

- Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experimentación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.

- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: políedros, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos.
Material manipulativo non convencional: tapóns, paos
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos e dixitais.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, folletos de supermercado
Material de debuxo: regra, escuadra e cartabón.
Diñeiro: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, ordenadores
Táblets e plataforma snappet.
Ordenadores
Panel táctil interactivo
Taboleiro
Caderno convencional.
Libro de problemas método DECA, Santillana.
Aula Virtual: Presentación dixital con teoría e actividades en formato genially.
Kahoots.

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe. Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes. A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade. Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras. Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A participación en equipo para resolver situacións matemáticas.
- O uso de materiais que lle permitan resolver situacións problemáticas sinxelas.
- O recoñecemento de conceptos básicos matemáticos, numeración, operacións e interpretación de gráficos, táboas e figuras elementais.
- A realización de conxecturas matemáticas a partir de casos concretos da vida diaria.
- A explicación das afirmacións e procesos matemáticos seguidos en situacións contextualizadas
- A expresión oral comprensible da percepción dun proceso matemático simple.
- A identificación de números, magnitudes, figuras... implicados en situacións cotiás familiares e escolares.
- O uso de representacións con materiais concretos, debuxos, ... para expresar unha idea matemática.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa. No proceso de recollida de información, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen poñer nunca por diante unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas e probas escritas.

Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de control, escadas de valoración, caderno do profesorado, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	10	15	10	12	10	12	15	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican a continuación:

- RÚBRICA DE ESFORZO E ACTITUDE: 10%
- RÚBRICA DE TRABALLO DIARIO (Caderno, fichas, snappet): 40%
- RÚBRICA DE RAZOAMENTO LÓXICO: 20%
- RÚBRICA DE NUMERACIÓN, CÁLCULO, MEDIDAS, XEOMETRÍA: 30%

A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

- 1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL
- 2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- 3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM
- 4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
- 5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
- 6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.
- 7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.
- 8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X
ET.7 - Educación para a paz.	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X

	UD 9
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	0	20	20	0	9
Táboa de indicadores	100	80	80	100	91

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas, neste caso en 4º para un alumno en concreto, que precisa AC por ter unha discapacidade do 65% e non ter adquirida a linguaxe oral entre outras moitas dificultades.

No caso de alumnado con altas capacidades, dos que hai varios alumnos en 4º, ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. Propoñeráanse liñas melódicas complementarias máis complicadas, creación de ritmos, invención de letras de letras de cancións e actividades que desparten a súa motivación e inclusión no grupo-clase.

No caso de alumnado con TEA, un caso en 4º, facilitarase a aprendizaxe de pezas instrumentais coa relación nota-cor seguindo a metodoloxía de Sergio Aschero e tamén contará cun carillón de cores. O reforzo positivo será fundamental para animar a súa aprendizaxe.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Tamén se conta en 4º cunha alumna con trastorno de Tourette asociado cun trastorno expresivo, con esta nena procuraremos mellorar a súa interacción social co grupo-clase, fomentar a participación nas actividades musicais e traballar o canto e a declamación para a mellorar a práctica comunicativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Interpretación de panxoliñas e outras pezas e cancións aprendidas durante o trimestre.	X		
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3)			X
Proxecto do Centro titulado "Que suba o pano.	Realizaremos a montaxe de cancións e bailes de Galicia	X	X	X
Proxecto de innovación e dinamización linguística	Realizaremos a montaxe de cancións e coreografías para o proxecto de Innovación educativa en dinamización linguística co título "Imos de Romaría.	X	X	X

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírase, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación vaise levar a cabo nun centro plurilingüe de educación infantil e primaria, con 6 unidades de infantil e 12 de primaria. Centrándonos no alumnado ao que vai dirixida esta programación, o nivel conta cun total de 32 alumnos e alumnas, pero parte del optaron pola materia de relixión católica ou evanxélica. O nivel de 4ºA agrupará a 8 nenos e nenas e o de 4ºB a 12.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	AS MULLERES NA CIENCIA I	Partiremos dunha investigación conxunta sobre a importancia das mulleres científicas na historia. Nun segundo momento elixirán unha muller científica e, en formato dixital ou nun mural elaborarán unha presentación, por parellas ou grupos de tres. Tamén realizarán algún experimento. Haberá un terceiro momento onde expoñerán o seu traballo ao resto do alumnado da clase ou ao resto do colexio.	30	10	X		
2	AS MULLERES NA CIENCIA II	Partiremos do traballo da 1ª UD e realizarán por parellas ou equipos de tres unha biografía sobre a científica elixida en SCRATCH. Despois, o resto do alumnado visionará o traballo.	35	13		X	
3	AS MULLERES NA CIENCIA III	Realizarán unha obra de teatro sobre a muller científica elixida. Adaptaremos o guión e repartiremos personaxes. Ensaiaremos, decoraremos e representaremos ao resto do alumnado.	35	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	AS MULLERES NA CIENCIA I	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer e valorar a importancia das mulleres na ciencia ao longo da historia.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto na clase.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos necesarios para a realización e presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	AS MULLERES NA CIENCIA II	13

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Recopilar os materiais necesarios.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos necesarios para a realización e presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	AS MULLERES NA CIENCIA III	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.	TI	100
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Planificar incidencias		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Recompilar os materiais necesarios.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Recoñecer os logros-		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os distintos produtos finais.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: MULLERES NA CIENCIA.

Este proxecto está enmarcado dentro do proxecto do plan proxecta no que participa o noso centro e ten como obxectivo a promoción, recoñecemento da muller dentro do mundo das ciencias e das TICS.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Partimos, no primeiro trimestre dun traballo de investigación sobre as mulleres na ciencia, para traballar os contidos transversais da igualdade de xénero, a empatía e a tolerancia. Empezarán por facer unha investigación xeral sobre as mulleres científicas na historia. Unha vez que coñezan a problemática, elixirán unha científica para facer unha presentación dixital sobre a mesma ou un mural. Despois terán que expoñer o seu traballo oralmente ao resto da clase. Este traballo farase por parellas.

No segundo trimestre e seguindo co traballado no primeiro trimestre, terán que realizar en SCRATCH a biografía dunha científica.

O terceiro trimestre ten como obxectivo final a representación dunha obra de teatro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas: - Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...) - Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...) - Ciencias (vocabulario específico) - Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...) - Educación Plástica e Visual (decorado e elaboración de vestiario)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores e táblets
Carpeta e folios
Cartolinas
Rotuladores, pinturas...
Téxtiles para caracterización

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos de carácter individual, cooperativo e investigacións: 60%.

- Observación sistemática de todas as manifestacións do alumnado que nos permitan sumar información: execución das tarefas nos tempos asignados, capacidade individual para a resolución das actividades, predominio do ben feito á rapidez, atención, emprego axeitado do material adecuado a cada actividade, autonomía, limpeza e orde, participación nos traballos cooperativos: 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%

- 2º trim. 35%

- 3º trim. 35%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto. Se hai avaliacións anteriores suspensas, daranse por superadas aprobando as avaliacións posteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X

Observacións:

Presentación do proxecto nas distintas aulas de primaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Marco legislativo.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español. Considerando a declaración universal dos dereitos humanos recoñecidos pola constitución española, esta programación tivo en conta os seguintes documentos legislativos e curriculares:

Tratados Internacionais recoñecidos por España: Declaración Universal de Dereitos Humanos, de 1948 (art. 26.3), que recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais, de 1966 (art. 13.3), e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, de 2000 (art. 10 e 14.3), que recoñecen o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións.

Acordo internacional suscrito entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, do 3 de xaneiro de 1979.

Constitución española, do 6 de decembro de 1978 (art. 27.2 e 3). Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria. Resolución do 21 de xuño de 2022 (BOE Núm. 150), da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o currículo da ensinanza de relixión católica correspondente a educación primaria. Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Contexto.

A proposta educativa desta materia favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o espertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

O colexio onde se imparte esta materia, O CEIP A Pedra, enmarcase na parroquia de San Martiño, concello de Bueu, bisbarra do Morrazo. Trátase dun municipio eminentemente pesqueiro, basta dicir que o 30% da poboación activa traballa nestas tarefas, acrecentándose a súa importancia polo gran número de empregos indirectos. Con unha poboación sobre 11.987 habitantes e un unha reta media bruta de 24.283 euros, ten unha taxa de desemprego rexistrada que ronda o 13 %.

O CEIP A Pedra é un centro público con domicilio na rúa A Pedra 26, concello de Bueu. Está adscrito ó instituto Johan Carballeira. Conta con 6 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria. Está dividido en dous edificios: O Valado, de educación infantil e A Pedra, de educación primaria. A maioría dos alumnos é castelanfalante. A lingua vehicular, na materia de relixión católica, será o castelán, aínda que nalgún momento se visualicen producións en galego ou se cante en galego, como apoio ao plan de lectura.

A maioría dos alumnos non son novos, agás os de primeiro curso, polo que coñecen as rutinas do colexio e ao profesor. A área de Relixión Católica impártese en sesións semanais de 50 minutos antes do recreo, e de 40 minutos despois do recreo. O profesor que imparte a materia é Jesús M. Mouriño Rodríguez.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta.	Cómo podemos coidar o planeta. Un fermoso comenzo. Qué agasallo nos fixo Deus? Cómo podemos coidar o agasallo de Deus. Os cristiáns e a encíclica "Laudato	12	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta.	si". Cómo podes tí coidar o planeta?	12	4	X		
2	Todos somos importantes.	Todos formamos parte dun equipo? Deus nos creou por amor. Por qué nos creou Deus. Parecidos a Deus. Todos somos irmáns? A qué equipo pertencemos todos?	12	4	X		
3	Unha boa nova para o mundo.	Qué ocorre no Nadal? Se vos anuncia unha boa nova. Por qué Xesús naceu en Belén? O mundo no que naceu Xesús. Cómo podemos celebrar o verdadeiro sentido do Nadal. Cómo era o mundo no que naceu Xesús?	12	4	X		
4	O mundo de Xesús.	Un mundo cheo de contrastes. Os seguidores de Xesús. Cómo era a sociedade na que viviu Xesús. A sociedade do país de Xesús. Cómo é a sociedade na que vivimos os cristiáns? Qué aprendimos sobre a sociedade de Xesús?	12	4		X	
5	O mundo que Xesús quería.	Podemos ser felices? O amor é a ley de Deus. Cómo é o mundo que nos propón Xesús? A felicidade de Xesús. Os cristiáns podemos ser felices sin pensar na felicidade dos demais? Cómo podemos ser todos máis felices?	12	4		X	
6	Por amor ao mundo.	Qué datas sinaladas marcamos no calendario? Xesús dou a súa vida por amor. Qué pasou en Xerusalén? Por qué foi Xesús a Xerusalén? Os cristiáns seguimos o exemplo de amor de Xesús. Qué sabemos de Xesús.	12	4		X	
7	Formamos unha gran familia.	Nosa familia. Xesús formou unha gran familia. Cómo se formou a familia cristiá? A vida en familia. Qué fai a familia cristiá hoxe no mundo? Qué aprendeches sobre a Igrexa?	14	6			X
8	Celebramos a nosa fe.	Cómo celebramos a vida? Xesús celebraba e compartía. Cómo celebraba Xesús a vida? A Igrexa é o pobo de Deus. Cómo celebramos os cristiáns a nosa fe? Qué festas cristiáns coñeces?	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o planeta.	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Recoñece a creación como regalo de Deus e amosa do seu amor polas persoas. Disfruta e admira a creación e séntese agradecido a Deus polo seu agasallo.	PE	40
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Identifica formas de coidar do planeta.	TI	60
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Toma conciencia de que os cristiáns colaboramos con Deus coidando e protexendo a creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
2	Todos somos importantes.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos craves da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Descubre que formamos parte dun equipo que é a humanidade. Conclúe, a través do relato bíblico, que Deus nos creou como reflexo do seu amor, distintos, pero iguais en dignidade. Asocia o ser creados por Deus a súa imaxe e semellanza coa capacidade de amar como Él.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Descubre que formamos parte dun equipo que é a humanidade. Conclúe, a través do relato bíblico, que Deus nos creou como reflexo do seu amor, distintos, pero iguais en dignidade. Asocia o ser creados por Deus a súa imaxen e semellanza coa capacidade de amar como Él.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha boa nova para o mundo.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Recorda o nacemento de Xesús, o Salvador prometido por Deus, e cómo os pastores reciben o anuncio do seu nacemento.	PE	40
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Recorda o nacemento de Xesús, o Salvador prometido por Deus, e cómo os pastores reciben o anuncio do seu nacemento.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Recoñece que a Igrexa celebra o Nadal desde a oración, solidariedade e axuda os demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Recoñece o nadal como o tempo de celebración e de compartir cos demais a nosa ledicia, o noso tempo e as nosas cousas.	TI	60
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Comprende que o Salvador nace nun mundo inxusto e desigual entre os pobres e humildes, e eles son os primeiros en recibir de Deus a gran noticia.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Comprende que o Salvador nace nun mundo inxusto e desigual entre os pobres e humildes, e eles son os primeiros en recibir de Deus a gran noticia.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Asocia o compartir amor, paz, ledicia e as nosas cousas materiais co verdadeiro sentido da celebración do Nadal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
